



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN EXECUTIVAS DE GALICIA PARA A VISIBILIZACIÓN E APOIO A PROXECTOS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha banda:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia.

Doutra:

A Asociación Executivas de Galicia, con CIF G70301916, representada por D^a. Carla Reyes Uschinsky na súa condición de Presidenta da entidade, que actúa no seu nome e representación.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

Primeiro

Que a Constitución española, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade e á non discriminación ao establecer que as persoas son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer ningunha discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



Do mesmo xeito, o Estatuto de Autonomía de Galicia encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todos e todas na vida política, económica, cultural e social.

Segundo

Que á Secretaría xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade correspóndenlle, entre outras funcións, a de propoñer medidas, programas e normas dirixidas á promoción do exercicio efectivo dos dereitos das mulleres, incrementando a súa participación na vida económica, laboral, política, social e cultural, así como a impulsar actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero.

Terceiro

Que o artigo 5 do Decreto Legislativo 2/2015, do do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, recolle como un dos criterios de actuación da Xunta de Galicia “O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátase de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátase de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentárase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres” .

E o VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recolle, entre outros obxectivos estratéxicos, o de fomentar a participación das mulleres en condicións de igualdade en todas as esferas da sociedade e incrementar a súa presenza nos ámbitos de decisión e influencia das estruturas sociais, políticas, económicas e profesionais, ao tempo que se potencia o seu liderado.

Cuarto

Que a Asociación Executivas de Galicia ten entre os seus obxectivos, crear unha rede de apoio que visualice e impulse o empoderamento das mulleres como motor de futuro e axentes clave no desenvolvemento socioeconómico de Galicia, así como promover cambios e melloras nas políticas que leven a cabo as administracións, entidades e institucións en clave de igualdade.



Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente Acordo en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste Acordo o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Secretaría xeral da Igualdade e a Asociación Executivas de Galicia para poñer en valor o traballo das mulleres, dando visibilidade ás actuacións levadas a cabo pola asociación no marco do proxecto “Referentes galegas” co que se trata recoñecer ás mulleres profesionais galegas que son líderes nos seus respectivos sectores, coa finalidade de incrementar a presenza de mulleres expertas nos medios de comunicación, foros, relatorios e outros actos públicos.

A estes efectos, a Secretaría Xeral da Igualdade:

- Impulsará a difusión a través da súa páxina web, igualdade@xunta.gal, daquelas actividades que se realicen dentro do dito proxecto e que resulten de interese para poñer en valor o liderado e o talento femininos.
- Terá en conta, ao abeiro da planificación de actividades formativas, informativas ou de sensibilización no marco da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes así como de prevención e loita contra a violencia de xénero que teña previsto desenvolver durante o ano 2018, aquelas que promovan o empoderamento e a toma de conciencia de xénero entre as mulleres galegas.
- Poderá asesorar a Asociación Executivas de Galicia en cuestións de igualdade de trato e de oportunidades e traballará coa entidade para a posta en marcha de iniciativas con enfoque de xénero.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O desenvolvemento deste acordo non conleva achega económica a favor de ningunha das partes asinantes.

TERCEIRA. VIXENCIA

O presente acordo producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o cumprimento do seu obxecto e, en calquera caso, ata o 31 de decembro de 2018.



CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este acordo de colaboración ten carácter administrativo, polo que os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas e no seu defecto pola normativa xeral que lle sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade cos termos do Acordo, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

**Pola Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza**

Pola Asociación Executivas de Galicia

Alfonso Rueda Valenzuela

Carla Reyes Uschinsky